

## A LINGUA PONDALIANA E A FORMACIÓN DO ESTÁNDAR LITERARIO GALEGO

MANUEL FERREIRO

Universidade da Coruña

A investigación lingüística no ámbito da nosa literatura, particularmente do período decimonónico, constitúe unha tarefa urxente para o coñecemento apurado da tradición literaria moderna. Este labor resulta máis necesario e urxente naqueles autores sobranceiros -Rosalía, Pondal, Curros-, que cun inmenso esforzo creativo puxeron os alicerces da actual literatura nacional galega<sup>1</sup>.

Dada a preocupación lingüística, o continuo labor de revisión<sup>2</sup>, a permanente obsesión polo destino final da súa obra, a consciencia da súa aportación ao galego literario moderno e, tamén, o seu unilingüismo fundamental<sup>3</sup>, a obra poética de Eduardo Pondal, producida ao longo de máis de medio século (1857-1916), reúne as condicións

---

<sup>1</sup> É necesario constatar a case absoluta ausencia de edicións críticas dos nosos autores modernos, mesmo dos clásicos decimonónicos. Para os textos de Pondal citáremos pola nosa edición (*Obra lírica de Eduardo Pondal. Edición crítica*, Tese de doutoramento, inédita, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, 1990).

<sup>2</sup> A obsesión correctora dos propios textos resulta evidente cando se consultan redaccións manuscritas de calquera poema pondaliano. Por outra parte, *Queixumes dos pinos* (1886) recolle con importantísimas modificacións a práctica totalidade da obra publicada antes deste ano: todos os poemas impresos a excepción de tres deles, xunto cos folletos ou libros xa aparecidos había ben tempo: *A campana de Anllóns* (1861), *A fada dos montes* (1872), *Rumores de los pinos* (1877) e *Gandreiras* (1884). Despois de 1886 soamente publica poemas soltos e os folletos *O dolmen de Dombate* e máis *A campana de Anllóns* en 1895.

<sup>3</sup> A partir de 1885, Pondal non publicou absolutamente nada en español, a excepción do *Himno al besugo* aparecido no libro de cociña de Picadillo (1905, 1ª ed.), baixo o pseudónimo *Aristides Valtierra*.

precisas para merecer un estudio global previo á investigación pormenorizado de diversas cuestións máis concretas<sup>4</sup>.

A ortografía de Eduardo Pondal<sup>5</sup> presenta moitas das características dos textos galegos do século XIX: coa variabilidade e vacilación propias dun estadio de formación da lingua literaria, a maioría dos escritores galegos decimonónicos compartían uns usos gráficos comúns, se exceptuamos algunha cuestión que chegou a provocar agudas polémicas, especialmente a representación de /ʃ/<sup>6</sup>.

A acentuación é contradictoria e, mesmo, anárquica, xa que combina a ausencia coa presenza do acento (normalmente agudo, mais tamén o circunflexo) para os mesmos casos<sup>7</sup>. Os exemplos poderían ser numerosísimos<sup>8</sup>: *dan* QP 36.30 / *dán*, QP 44.16; *ademan*, QP 1.4 / *ademán*, QP 30.112; *deter*, QP 3.1 / *detér*, QP 3.29; *boo* 13.39 / *bóo* 1.2 (*boó*, QP 43.14 é un claro erro de impresión); *allea*, QP 30.76 / *alléa*, QP 12.6; *antigo*, QP 14.24 / *antígo*, QP 12.46; *gracia*, QP 19.4 / *grácia*, QP 13.3; etc., etc.

A única e relativa xeneralización posíbel a respecto da acentuación pondaliana é a tendencia a acentuar as palabras esdrúxulas (*intrépido*, QP 1.22; *propósito*, QP 2.2; *convérteme*, QP 64.15 / *convêrteme*,

---

4 Nesta visión da lingua pondaliana centrarémonos nos textos líricos impresos: os materiais de *Os Eoas* continúan a durmir esquecidos practicamente na súa totalidade, e os textos manuscritos presentan graves problemas de fixación definitiva debido á desaparición dos materiais legados polo poeta á Real Academia Galega.

<sup>5</sup> Dado que o control sobre a grafía dos poemas aparecidos en publicacións periódicas non podía ser efectivo por parte do autor, para as observacións ortográficas basearémonos nos libros e folletos publicados en vida de Pondal: *Queixumes dos pinos*, *A campana de Anllóns* e *O dolmen de Dombate*, que foron supervisados polo poeta na súa edición, especialmente o primeiro (vid. as cartas LII-LVII en Manuel Ferreiro, *Pondal: Do dandysmo á loucura. Biografía e correspondencia*, Santiago de Compostela, Ed. Laiovento, 1991, pp. 123-125).

<sup>6</sup> Especialmente a polémica sobre o uso das grafías *g, j, x / x* para /ʃ/. Segundo Mauro Fernández, "la representación gráfica del sonido prepalatal fricativo sordo ha sido el problema más discutido de la ortografía gallega y el eje central de la discusión entre los partidarios de una ortografía etimológica y los de una ortografía fonética" (cfr. *Bilingüismo y planificación lingüística en Galicia*, Tese de Licenciatura, inédita, Universidade de Santiago de Compostela, Facultad de Filología, 1978, p. 142).

<sup>7</sup> En *Queixumes* aumentou extraordinariamente a utilización do acento gráfico con respecto ás primeiras edicións dos poemas pondalianos, sobre todo se o comparamos con *Rumores*.

<sup>8</sup> Para as citas de poemas utilizaranse as siglas QP (*Queixumes dos pinos*), DD (*O dolmen de Dombate*) e CA (*A campana de Anllóns*). En QP a primeira cifra indica o número do poema e o segundo o verso; en CA e DD o número indica o verso. Os poemas impresos soltos citaranse polo título ou, se careceren del, polo primeiro verso.

QP 64.13; etc.) e máis as agudas en *-ou* (*estóu*, QP 5.4 ou, raro, *libróu*, QP 41.4, pero *afeou*, QP 5.25) e a non acentuar as palabras agudas en *-on* (pero, por exemplo, *composición*, QP 5.14).

O acento circunflexo é utilizado preferentemente en certas formas verbais reducidas (*sôn*, QP 45.64 ou *sôon*, QP 20.24; *pôn*, QP 21.10), aínda que tamén aparece marcando outras formas históricas en face de evolucións máis modernas (*vên*, QP 46.12; *tên*, QP 21.18 / *tén*, QP 18.52 / *ten*, QP 25.35), ademais de indicar en bastantes casos as contraccións da preposición *a* co artigo, en concorrencia neste caso co acento agudo e mesmo coa ausencia de calquera acento (*ô*, QP 9.2 / *ó*, QP 1.15 / *o*, QP 9.3).

A ampla cultura do poeta, especialmente o seu coñecemento das linguas clásicas, latín e grego, provoca que certas confusións gráficas nas súas obras sexan escasas, se ben algunhas delas están influenciadas claramente polos costumes ortográficos do español que daquela, e especialmente, se deixaba sentir.

A utilización de *h* coincide case totalmente co uso moderno, baseado en criterios claramente etimoloxistas, aínda que se advirte a presión do español nalgúns casos (*arpado*, *hachar*, etc.) ou, se cadra, a influencia do portugués no seu uso como marca de hiato (*sahirán*, QP 26.38). Nos casos de *hirto* e *un* produciuse un cambio desde as primeiras edicións ata *Queixumes* onde Pondal repón e elimina, respectivamente, a consoante inicial<sup>9</sup>. En canto a *armonioso*, é máis difícil de xustificar a ausencia de *h* tendo en conta que non era infrecuente a súa aparición no español decimonónico.

A distribución de *b* e *v* tamén é coherente, exceptuando algúns casos en que o seu uso se afasta da etimoloxía: *apoubigar*, *barrer*, *debesa*, *grabar*, *nobelo*, *pabellón*, *povo*, *povoar*, *vágoa* (o cambio de *bágoa* e *bougo* -neste caso acertadamente- para *vágoa* e *vougo* produciuse en 1886), *veira*, *vendabal*.

Por outra banda, o uso de *y*, como acontece na época, é sistemático en posición intervocálica, mentres que en posición final absoluta é moi escaso<sup>10</sup>. Os casos de *hay*, *muy*, etc. que aparecen en *Queixumes* son aqueles que ficaron sen corrixir en 1886 cando o poeta recolleu os poemas galegos publicados anteriormente, onde, por outra parte, xa era minoritario o uso de *y* nesta posición.

---

<sup>9</sup> Agás en QP 79.18, 73 (*hun*) por un lapso de corrección desde as primeiras versións, datadas xa desde 1858.

<sup>10</sup> En interior de palabra só se rexistra *Maymendos* (QP 43.38).

No caso da escasísima aparición da conxunción *i* (unicamente en seis ocasións) esta aparece sempre como *y*.

De todos os xeitos, onde a posición de Eduardo Pondal se fai máis significativa é no uso de *g*, *j* e *x* para a representación da fricativa palatal xorda /ʃ/.

O poeta declárase, epistolarmente, partidario decidido destas grafías xustamente cando a máis importante polémica decimonónica sobre a cuestión se está a desenvolver nas páxinas da revista *Galicia* de Martínez Salazar:

"Como V. y el Sr. Valladares en sus conclusiones no hacen otra cosa que corroborar más y más mi sistema ortográfico, seguido en la impresión de los *Queixumes* (y que pienso seguir en los *Eoas*), no me huelgo poco en tener a VV. por compañeros en esta cuestión vitalísima.

Ha tiempo recuerdo haber manifestado a V., en ésa, y al Sr. Valladares, en Santiago, mis opiniones explícitas sobre el particular; y este señor y todo el mundo saben que soy un *etimologista* sin eufemismos ni ambages"<sup>11</sup>.

Á vista das afirmacións do poeta é discutíbel que o uso das grafías etimolóxicas para /ʃ/ o fixese por achegamento ao portugués<sup>12</sup>, aínda que o seu exemplo debeu influír, xuntamente coa súa formación nos clásicos grecolatinos, á hora de se decidir<sup>13</sup>.

De todos os xeitos, a xeneralización destas grafías prodúcese a partir de *Queixumes*, -aínda que aparecen algúns casos antietimolóxicos, sinalados hai tempo<sup>14</sup>, e uns poucos lapsos de corrección desde as primeiras edicións ata a súa obra-prima<sup>15</sup>-, posto que antes de 1886 era dominante a grafía *x*<sup>16</sup>.

---

<sup>11</sup> Cfr. Manuel Ferreiro, *Pondal: Do dandysmo á loucura*, op. cit., p. 149. Sobre a polémica, vid. Carme Hermida, "A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [ʃ]", *Grial*, nº 97, xullo-agosto-setembro, 1987, pp. 299-316.

<sup>12</sup> Vid. Ramón Lorenzo, "A lingua literaria na época de Rosalía", in *Actas do Congreso internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, t. III, Consello da Cultura Galega, Universidade de Santiago de Compostela, 1986, p. 32.

<sup>13</sup> Eduardo Pondal coñecía perfectamente o portugués e era lector e admirador, entre outros, de Camões e *Os Lusíadas*, principal modelo de *Os Eoas*.

<sup>14</sup> Vid. Ramón Lorenzo, op. cit., p. 32.

<sup>15</sup> *Lonxe* (QP 30.82).

<sup>16</sup> En realidade, na primeira época da súa produción literaria vacilaba no uso destas grafías. En 1857, nos fragmentos publicados de *Os Eoas*, aparece únicamente *x* (vid. *Galicia Médica*, por el Dr. D. R. Otero, Entrega 3ª, Santiago, Imp. y lit. de D. Juan Rey Romero, 1857, pp. 79-82). Na primeira versión de QP 79 (*El País*, Pontevedra, 1858) xa se encontra *Joan* e *Argel* fronte a *voxo* e en *A fada dos montes* (1872) rexístrase *virgen*, *gentil*, *junta*, *Angeriz*, *presagio*, *genio* e *fugente* fronte a *xa*; pero en *Rumores de los pinos* (1877) xa é dominante a grafía *x*. Algo semellante aconteceu coa utilización de *nh*/*ñ* para /*ɲ*/: Pondal comeza usando *ñ* no fragmento de *Os Eoas* publicado en 1857; despois xeneraliza o uso de *nh* no período 1858-1872. A partir deste ano a utilización de *ñ* é sistemática.

Do mesmo modo que adopta estas graffias etimolóxicas, tamén muda a súa distribución nalgún caso: *salvaje* convértese en *salvage* (QP 30.109, 115; 57.18) e *gefe* en *jefe* (QP 77.53) a partir da publicación de *Gandreiras* en 1884.

En relación con estas graffias etimoloxizantes débense poñer outras como *ch*, *ff*, *ll*, *ph*, *th* e *qu*<sup>17</sup> e mais as duplicidades vocálicas de *boo*, *soo*, *noo*, *avoos* e *soon*.

Estas duplicidades puramente gráficas (sempre contan como unha sílaba métrica) son maioritarias a partir de 1886, onde os casos de *bo*, *só* ou *nó* son facilmente detectábeis como lapsos de corrección desde as primeiras edicións a *Queixumes dos pinos*, posto que se concentran maioritariamente nos poemas de publicación anterior á aparición deste libro (*bo*, QP 37.24, 45.75; *só*, QP 43.29, 81.86, etc.).

A solución da contracción da preposición *a* co artigo *o* foi evoluíndo ao longo da actividade literaria de Eduardo Pondal.

Antes de 1886 a solución maioritaria era *ó*, aínda que con vacilacións frecuentes (en QP 79.31, *ó* en 1858, *ao* en 1862 e 1880, *ó* en 1886). Na redacción definitiva elimina os casos de *ao*, agás cando precisa dúas sílabas métricas ou existen encontros vocálicos que se poderían interpretar como unha hipotética sinalefa ("*Estramil*", v. 14; "*Mulleres, quen vos oia*", vv. 7 e 37). Pero a partir de 1899, coa publicación de "*Cando me referino*" vólvese a producir outro cambio en favor de *ao*, que se xeneraliza a partir deste ano para todos os casos.

Á parte desta contracción preceptiva da preposición *a* co artigo, pódese achar outro caso de contracción co demostrativo nunha única ocasión (*a'quela*, QP 39.9).

Os encontros das preposición *de* e *en* co demostrativo, co indefinido *algún*, *outro*, *un* e co pronome *el* resólvense, salvo algún caso en que a medida o impide<sup>18</sup> en contraccións marcadas sistematicamente con apóstrofo a partir de *Queixumes*, xa que antes de 1886 non aparecía esta marca gráfica. No caso das contraccións de *en* e *de* co artigo rara vez aparece o apóstrofo.

---

<sup>17</sup> En *Queixumes* e poemas impresos isolados rexístranse *Athenas*, *Bethlem*, *Eliphaz*, *Nazareth*, *Themis*, *Thermópilas* e *Yaffa*. Os demais casos concéntranse especialmente en "Non veu dos duros éphoros", poema do que só contamos con edicións posteriores á morte do poeta: *Callicrátidas* (v. 12), *éphoro* (v. 1), *Ephrata* (v. 38), *Gyllipos* (v. 11), *Machánidas* (v. 10), *Michcas* (v. 35), *Phomeretes* (v. 24). En canto a *qu*, aparece unicamente na palabra *quase*, que en *O dolmen de Dombate* muda a favor de *cuase*.

<sup>18</sup> Unicamente se rexístran algúns casos como *en este* (CA 337), *en eses* ("*Esa Crónica Troiana*", v. 6) ou *en algún* ("*Pois que tanto os bos ceos vos depararan*", v. 24).

A preposición *con* co artigo contrae tamén arreo en *co* e *ca* ou *coa*, segundo se precise unha ou dúas sílabas métricas -excepto en QP 6.22-, que moi poucas veces presentan apóstrofo (*c'o*, *c'a* ou *co'a*). Co indefinido *un* presenta o mesmo comportamento, se ben neste caso a contracción é menos sistemática, aparecendo *con un* se as necesidades métricas así o esixiren<sup>19</sup>.

A minoritaria forma reducida *pra* da preposición *para* contrae sempre que vaia en contacto co artigo (*pr'o*, QP 71.14 e "*Pra Fuco de Tabeaio*", v. 33) e, opcionalmente, coa seguinte palabra se esta comeza por vocal (*pr'adormecer*, QP 67.4 / *pra olvido*, QP 14.88, pero *pr'olvido* en *Rumores*).

Por outra parte, e como é habitual na maioría dos escritores decimonónicos, tamén aparece representada a contracción das preposicións *antre*, *hastra*, *desde* (ou *dende*) e *sobre* coa palabra seguinte se esta comeza por vocal. Se antes de 1886 estas contraccións raramente se producen (vid. QP 51.55, 12.23 ou 45.11 entre outros moitos exemplos), a partir deste ano xeneralízanse, utilizando o apóstrofo, e en moi poucos casos aparecen as formas plenas, que poderían ser interpretadas como lapsos de corrección ou de revisión por parte do poeta.

Incluso certas contraccións previas poden, á súa vez, aparecer formando parte doutras novas, sempre condicionadas polas necesidades métricas: *co'aguillada*, QP 1.3 (pero *coa aguillada*, QP 90.3), *c'antiga*, QP 45.74, *d'ardente*, QP 16.23 (pero *da ardente*, QP 23.4), *d'ala*, QP 19.10 (pero *da ala*, QP 23.6).

Estas mesmas necesidades métricas provocan a aparición de contraccións, -insólitas na literatura galega-, da preposición *por* con *antre*, *onde* e *un* (grafadas polo poeta como *pr'antre*, *pr'onde*, *pr'un*).

Tamén certos adverbios e conxuncións contraen coa vocal inicial da palabra seguinte. En xeral, *cando*, *onde* e, esporadicamente, *sempre* e *aínda* poden aparecer formando parte destas contraccións. Aínda que isto era raro antes de 1886, desde este ano convértese nun fenómeno xeral de forma que a aparición das formas plenas se dá fundamentalmente en poemas publicados antes de *Queixumes*.

Polo que respecta ao adverbio *non*, sempre que as necesidades métricas do verso o esixiren aparece contraído co verbo *cando* comeza por vocal así como co pronome *o* nunha única ocasión (*n'o*, QP 51.16).

Algunhas conxuncións, en correspondencia co uso xeral na produción literaria do século XIX, tamén sofren contraccións, especial-

---

<sup>19</sup> O caso máis significativo dáse en QP 29.20: o poeta vese obrigado a desfacer a contracción que aparecía en *Rumores de los pinos* para poder eliminar o castelanismo (*Con un lindo pano branco* por *Cun lindo pañuelo branco*).

mente *que*: en ocasións moi contadas aparece na súa forma plena se hai posibilidade de elisión de *-e* (QP 21.32, 25.20, etc.). Estes casos son, unha vez máis, normalmente atribuíbeis a lapsos de corrección en *Queixumes*: en 1886 inténtase xeneralizar estas contraccións nos casos en que non estaba representada (*q'antigo*, QP 51.39 por *que antigo*) e cando xa aparecía eliminábase o *u* (*q'he*, QP 14.89 por *qu'he*).

Tamén *anque* aparece contraída nos dous casos en que existe a posibilidade (*anqu'he*, QP 20.25, e *anq'era*, QP 37.43).

A elisión de vocal final en contacto con outra inicial seguinte tamén afecta ás formas *me*, *che*, *lle* e *se*, que na súa maioría, ademais dos encontros co pronome C.D. (*m'o*, *ch'o*) aparecen contraídas (*m'eu*, QP 21.27; *m'acordo*, QP 14.73; *t'ouzo*, QP 10.3; *decirch'ó oído*, QP 27.11; *levouch'a faldra*, QP 22.4; *s'aprest'a luitar*, QP 1.28; *dill'este*, QP 36.19; etc.), con moi poucos casos de formas plenas (*ponse atento*, QP 30.114; *preguntarlle os*, QP 3.7; etc.).

Por outra parte, as formas verbais que o permiten contraen habitualmente coa palabra seguinte (*escond'a*, QP 20.4; *levad'esta*, QP 21.15; *poider'antre*, QP 49.20; *s'aprest'a luitar*, QP 1.28; etc.) e en menor proporción as formas demostrativas (*aquel'hé*, QP 12.13; *nest'hábito*, QP 81.36; etc.).

Son raras as contraccións de formas posesivas femininas (*nos'alma*, QP 20.23; *tu'hermosura*, "Estramil", v. 19), do indefinido *unha* (*unh'ala*, QP 25.15) e aínda é menor a aparición de contraccións que afectan ao nome (*dichos'ela*, QP 41.85; *prob'home*, QP 84.14; *prob'e'scuro*, QP 14.5).

Relacionada co fenómeno da elisión vocálica nas contraccións, marcada xeralmente con apóstrofo, aparece a asimilación, indicada preferentemente con guión.

Á parte dos casos de asimilación do pronome *o* ao verbo precedente (sen marca gráfica agás QP 26.36, 44.24; "Todo ás leis obedece", vv. 5 e 6, con guión; e QP 3.41, con apóstrofo), o guión é empregado para indicar a asimilación do artigo á preposición *por* precedente (*pol-o*, en xeral, que substituíu, salvo lapsos de corrección, o *po-lo* maioritario antes de 1886), ao verbo (representada normalmente con guión e raramente con apóstrofo: *teme-l-o olvido*, QP 14.37 ou *vamol-os dous*, "Din que vas un pouco branco", v.4 / *detél'os sonorosos*, QP 3.13), ao adverbio *entonces* (*entoncel-o bardo*, QP 39.17) e ao indefinido *todos* (*tódol-os*).

No caso da forma *polo* ("pol-o") é relativamente frecuente a súa redución en *plo* ("pl'o" ou "plo" e en dúas ocasións "p'lo", QP 12.11 e CA 290) unha vez máis condicionada pola métrica.

Así pois, se foneticamente a elisión vocálica por contracción se resolve dun xeito relativamente coherente en Eduardo Pondal e con tendencia ao descenso da utilización do apóstrofo se o comparamos cos seus contemporáneos<sup>20</sup>, graficamente tamén a función do apóstrofo e do guión poucas veces é intercambiábel ou concorrente.

O apóstrofo indica elisión vocálica por contracción ou aparición de *s*- líquido (*'splendor*, *'star*, etc.) a causa de necesidades de contaxe silábica no verso, se ben por veces aparece nalgũa ocasión indicando asimilación por fonética sintáctica (*non'a*, QP 84.19, pero *non'o*, QP 28.27 e *no na*, QP 28.8; *ben'os*, QP 1.5; *quen'o*, QP 28.12, fronte aos xerais *non o*, *ben o* e *quen o*) ou sinalefa (*e'en*, QP 2.31; *o'escudo*, QP 33.25, *coma'un*, QP 31.27; *mostra'as*, QP 24.26) xunto con outros casos de difícil explicación (*e'do*, QP 48.5; *con'un*, QP 25.90).

O guión indica asimilación (coas excepcións xa vistas) ou palabras supostamente compostas segundo o criterio do autor (*Cou-d'Indo*, QP 19.94; *pas-pallás*, QP 36.36; *chi-chío*, CA 102).

Os coñecementos que o poeta posuía de grego e latín deben explicar, xunto cun claro intento de dignificación da lingua, o seu extraordinario respecto en relación aos grupos cultos, fuxindo da súa vocalización vulgar ou diferencialista<sup>21</sup>. Deste xeito, a conservación das formas cultas é a norma xeral: -BS- (*absorto*), -BT- (*obter*), -BX- (*obxeto*), -CC- (*dirección*), -DV- (*adverso*), -GM- (*estigma*, *enigma*, *pigneo*), -NM- (*inmensidá*, *inmenso*, *inmortal*, *inmundo*), -NN- (*ennobrecer*, *innobre*), -PC- (*decepción*), -PT- (*voluptade*, *voluptuoso*), -SC- (*reminiscencia*) e -TM- (*ritmo*).

Nos grupos -CT- e -GN- o comportamento de Pondal é semellante. Conserva o segundo en todos os casos (*benigno*, *designio*, *digno*, *indignamente*, *indigno*, *ignaro*, *ignavo*, *ignorante*, *ignorar*, *insigne*, *magnánimo*, *magnífico*, *resignar*, *signo*) excepto no caso de *malino*, seguramente pola presión de *malo*. Tamén é xeral o mantemento de -CT- (*contradictorio*, *interfecto*, *nocturno*, *producto*, *seductor*) agás *afeito* (por esixencia da rima, fronte ao xeral *afecto*), *obxeto* (polo exemplo do español) e *infrutoso* (posibelmente tratado como voz formada directamente sobre *fruto*).

---

<sup>20</sup> Vid. Mauro Fernández, *op. cit.*, pp. 136-137; para a comparación con Rosalía ou Curros, vid. Ramón Lorenzo, *op. cit.*, p. 22.

<sup>21</sup> Os exemplos máis claros e frecuentes de vulgarización de cultismos atópanse en Curros. Vid. Ramón Lorenzo, *op. cit.*, pp. 34-35.



Finalmente, os grupos -KS-, -MN- e -NS- aparecen naqueles vocábulos que son considerados cultismos polo poeta: *excelso, exento, exiguo, existencia, extinguido, extinguir, extinto; insomne, insomnio, solemne; inspiración, inspirar, instante, instinto, instrumento, transmigrar*.

Noutros casos, aparecen popularizados (con grande coincidencia cos usos actuais): *escramar, escusar, espricar, esprimentar, expandir, estender, estranxeiro, estraño, estremar, extremo, estremio, laso; coluna*<sup>22</sup>; *trasfluxio, trasparente, trasportar, trastornar*.

O comportamento na lingua pondaliana das oclusivas /p/, /b/, /k/ e da fricativa /f/ coas consoantes líquidas /l/ e /r/ é grandemente uniforme, mostrando unha clara tendencia á resolución semiculta: *apricar, asoprar/soprar, compracer, compreto, contemporar, espricar, exempro, pracente, pracer, pracibre, prácido, praia, pranta, pranto, pramura, pague, respandor; abrandar, branco, brancura, brandamente, brando, branquear, brandear, brandir, bronda, dobrado, dobrar, dobre, ennobrecer, innobre, nobre, nobremente, nobreza, nubrar, sembrante; acramar, craro, cravar, crima (e clima), escrarecido, escravo, incrinación, incrinar, recrinado; afrixir, enfraquecer, fror, refrexar*. Esta xeneralización de PR, BR e FR alcanza tamén ao resultado do sufixo -BILE así como ás palabras procedentes do español (*robre, tembrar, promo*)<sup>23</sup>.

Frente a estes casos, aparece a solución culta soamente en vocábulos que na súa maioría eran de recente incorporación á lingua galega (*esplendor, esplendoroso, espléndido, panoplia, plática, pléiade, pleito, suplicio; sublimado, sublime; clámide, ínclito, preclaro*<sup>24</sup>, *flanco, flotante ou chiflado*) e mais na maioría das palabras que presentan o grupo GL (*gladiador, gleba, gloria, glorioso* -en concorrencia maioritaria con *grorioso*- e o castelanismo *siglo*).

A conciencia do poeta a respecto deste fenómeno de rotacismo -sentido como fenómeno tipificador galego<sup>25</sup>- así como a diferenciación popular / culto é evidente: *nobre* (QP 51.91), *respandor* (QP

---

<sup>22</sup> Ademais de *colúa*, rexistrado nunha única ocasión.

<sup>23</sup> O comportamento de Rosalía a respecto do rotacismo é moi semellante, aínda que menos uniforme, ao de Pondal. Vid. Ramón Lorenzo, *op. cit.*, p. 32; Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, *Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro*, Memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, Decembro 1986, pp. 41-42; e tamén, David MacKenzie, "A variación lingüística na obra en galego de Rosalía", in *Actas do Congreso internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, t. III, Consello da Cultura Galega, Universidade de Santiago de Compostela, 1986, pp. 62-67.

<sup>24</sup> Pola presenza de /ʎ/. Vid. *infra* os casos de *horrible* e *terrible*.

<sup>25</sup> Cfr. Ricardo Carballo Calero, *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, Universidad de Santiago de Compostela, 1972, pp. 40 e 51.

51.64) e mais *tembrando* e *fror* (QP 79.44) proceden duns anteriores *noble*, *resplandor*, *temblando* e *flor* anteriores a 1886; pola contra, *sublime* (QP 74.21) é posterior a *subrime* (1883).

A distinción -s/-z en final de palabra é maioritaria e uniforme en Eduardo Pondal, ao contrario de Rosalía<sup>26</sup> ou Curros<sup>27</sup>, no camiño do que será no futuro a norma común do galego.

De todos os xeitos, a posición do autor foi variando desde os momentos iniciais da súa actividade literaria ata chegar a 1886. Nas versións publicadas antes desta data era dominante a solución seseante: *atrós*, *carís*, *infelís*, *lus*, *palidés*, *pas*, *raís*, *rapás*, *solás*, *vellés*, *ves*, *vos* concorrían con *asaz*, *paz*, *solaz* e *veloz*.

Coa publicación de *Queixumes* muda en favor de -z a inmensa maioría dos casos de seseo final, que eran maioritarios antes de 1886<sup>28</sup>. Á parte de *carís* e *rapás*, conservados sistematicamente, e *solás*, que é transformado en *zolás* (respecta *solaz* en QP 51.75), os outros casos rexistrados concéntranse nos poemas impresos anteriores a 1886 non recollidos en *Queixumes*: *infelís*, *raís* e *vos* en 1879 ("*Estramil*"), *lus* e *pas* en 1885 ("*Oh ti, que antigamente*"). *Ves* foi conservado polo autor en QP 79.59 e CA 394 (tal vez para conseguir unha aliteración no verso) e máis en QP 12.4,35 (posibelmente por estar o poema posto en boca dunha rapaza bergantiñá), e en "*Pra Xaniño*", v. 10, polo ton coloquial do poema.

Frente á solución xeral galega -oi- para os grupos latinos -ult-, -uct-, -oct- e -ori-, na lírica pondaliana aparece xeralmente -ui- como reflexo do que é unha característica dialectal maioritaria nas terras de Bergantiños, Xallas e Soneira, isto é, o territorio pondaliano<sup>29</sup>.

Ora ben, as continuas correccións e a dilatada cronoloxía da obra do Bardo bergantiñán provoca que a distribución do grupo -ui-/oi- non sexa sempre coherente e compacta, agás na solución do grupo -ori- onde sempre aparece -ui- (*correduira*, *duira*).

---

<sup>26</sup> A utilización do seseo implosivo é relativamente frecuente na autora de *Follas Novas*. Vid. Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, *op. cit.*, p. 37.

<sup>27</sup> Vid. Carlos Casares, "Introdución", in Curros Enríquez, Manuel, *Aires da miña terra*. Edición crítica, introducción e notas de ..., Vigo, Ed. Galaxia, 1976, p. 44.

<sup>28</sup> En *A Campana de Anllóns*, de 1895, volve a aparecer maioritariamente o seseo final, que é corrixido por man do propio autor nun exemplar desta obra depositado no Arquivo Parga Pondal.

<sup>29</sup> Vid. Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Ed. Xerais de Galicia, 1990, pp. 48-51.

O resultado do grupo *-ult-* é sempre *-ui-* en *cuitelo* e *mui* e dominante con grande diferenca en *escuitar* (soamente se rexistra *escoitar* en *Rumores de los pinos* por tres veces) e *muíto* (*moito* unicamente aparece unha vez, tamén en *Rumores*).

Nas palabras co grupo *-uct-* os resultados son semellantes aos anteriores: é dominante *luitar* (*loitar* só en dúas ocasións -"Recordo a Benito Vicetto", redactado en 1863, e máis en QP 45, procedente de *Gandreiras*-), mentres que no caso do sustantivo *luita* é esta a única forma rexistrada.

Con respecto á solución do grupo *-oct-* os resultados son moito máis paralelos: aparecen o mesmo número de veces *noite* e *nuite* en poemas cronoloxicamente distantes, xunto con *nuitecer* e *noitiña*.

En relación con estes grupos débense poñer outras secuencias vocálicas producidas por perda de consoante latina (*suidade/suidá, suidoso; cuidado, cuidar*) ou directamente provenientes de grupos vocálicos primarios (*fui/foi*) ou secundarios (*agoirar*). En Pondal é de uso exclusivo *agoirar* (soamente aparece en QP 45 procedente de *Gandreiras*), *cuidar* (con *cuidado*) e *mais suidade* (coa súa familia léxica), que aparece diferenciada semanticamente de *soedade/soedá* e concorrendo maioritariamente fronte a *saudoso*. No caso de *fui* e *foi*, predomina levemente a primeira forma, aínda que se debe ter en conta que a segunda só aparece en poemas publicados antes de 1886 (1877 e 1878) agás un caso de esixencia da rima en CA 234.

A preferencia de Eduardo Pondal, pois, pola solución *-ui-* é clara, xa que a súa frecuencia de aparición practicamente cuadriplica a de *-oi-*. O grupo *-ui-* vai en aumento progresivo do punto de vista cronolóxico, posto que as palabras que presentan o resultado *-oi-* se concentran en poemas redactados no período anterior a 1886. O feito máis significativo é a aparición de *noite* en QP 1.6 fronte a *nuite* en QP 90.6 xuntamente co cambio en CA 411 (1895) en favor de *nuite* con relación a QP 79.76 que fora respectada ao longo de todas as edicións, mentres que en QP 79.23, 58 xa cambiara en 1880<sup>30</sup>.

De todos os xeitos, na obra de Pondal non se debe universalizar a solución *-ui-*, xa que a súa concorrencia co resultado *-oi-* é produto da cronoloxía e dunha utilización deliberada por parte do poeta, que respecta a forma minoritaria en todos os textos que inicialmente a utilizaban.

---

<sup>30</sup> En realidade, o proceso foi máis complexo: a forma *noite* de 1858 cambiou inicialmente a *nuite* en 1861 (en *El Album de la Caridad...*) para voltar á primeira forma en 1862 e, definitivamente, acabar en *nuite* a partir de 1880 en *La Ilustración Gallega y Asturiana*.

A solución do sufixo latino -BILE na obra pondaliana débese poñer en relación co tratamento dado aos grupos consonánticos de oclusiva máis líquida.

O mesmo que acontecía nestes casos, o resultado maioritario de -BILE é *-bre*<sup>31</sup>: *agradabre, amabre, endebre, imposibre, indomabre, inevitabre, insensibre, memorabre, mudabre, perdurabre, pracibre*.

Os únicos casos de solución *-ble* prodúcense por razóns fonéticas (*horrible* e *terrible*, pola presenza de /r/<sup>32</sup>; *feble*, pola homonimia con *febre* en caso de regularización sufixal) ou por se tratar dunha adaptación, esixida pola rima, dun cultismo (*deble*).

Con relación á solución de -TIONE e -SIONE, os resultados presentan, de novo, coherencia e unicidade, sobre todo se se consideran as condicións de formación da lingua literaria galega durante todo o século XIX.

Excepto en voces patrimoniais, ou tratadas como tal, en que o poeta utiliza unicamente *-zon* (*lunazón, punzón, razón, tenzón, virazón, xerazón*), a solución *-ción* é a maioritaria: *admiración, ambición, condición, consolación*<sup>33</sup>, *decepción, dirección, estación, habitación, incrinación, inspiración, intención, oración, perdición, peregrinación, prevención, tribulación, turbación*. Soamente se produce vacilación en *canzón / canción, nación / nazón* e *redención / redenzón*, sen que a cronoloxía poida indicar un cambio de posición detectábel.

Do mesmo xeito, a solución para o sufixo -SIONE é habitualmente *-sión* (*diversión, ilusión, visión*), aínda que aparece *prisón* (e, por tanto, *prisoeiro*) en concorrencia minoritaria con *prisión* (e *prisioneiro*)<sup>34</sup>.

O mesmo que as alternancias verbais *cantade / cantá* (vid. *infra*), os resultados dos sufixos -TATE e -TUTE están condicionados unicamente pola métrica: *adversidade, amistá, beldá, bondade, edá/edade, inmensidá, libertade, maturidade, maxestade/maxestá, mocidade/mocedá, necesidá, piedá/piedade, santidade, soedade/soedá, sui-*

---

<sup>31</sup> En Rosalía tamén é dominante, aínda que en menor proporción, esta solución do sufixo. Vid. Ricardo Carballo Calero, *op. cit.*, pp. 39-44, e David MacKenzie, *op. cit.*, pp. 62-67.

<sup>32</sup> Vid. n. 24.

<sup>33</sup> En 1882, *Consolación* (QP 38.38) aparecía como *Consolazón*.

<sup>34</sup> En *Os Eoas* rexístrase frecuentemente a forma *visón*, que tamén aparece no título dun texto lírico, manuscrito, editado por Amado Ricón (vid. Eduardo Pondal, *Novos poemas*. Limiar, transcripción e notas de ..., Vigo, Ed. Galaxia, 1971, pp. 40-42).

*dade/suidá, tempestá, vaguedade /vaguedá, verdá, vontade, voluptade, vulgaridade, xuventude/xuventú.*

A solución dominante é a tradicional, perdéndose a sílaba final fundamentalmente nos numerosos casos de rima en *-á* que se poden achar ao longo da lírica pondaliana.

En canto á terminación *-en / -e* en sustantivos graves, as formas *cruzamen, dolmen, orden, orixen* e *virxen* indican a preferencia do poeta polas solucións latinizantes, mudadas no plural a favor de *ordes* e *virxes* (coa única excepción de *dolmens*, DD 59), a non ser na clara e case sistemática diferenciación semántica entre *virxe* ('a nai de Xesús Cristo') e *virxen* ('doncela') paralela á intentada en *vagamundo / vagabundo* (vid. *infra*), que foi corrixido en QP 81.1, mais non en QP 12.20, no paso de *Rumores* a *Queixumes*.

A solución dos sufixos latinos *-ANU/-ANA* é sempre *-án* (*avelán, irmán, lan, mañán* e *miñán, mazán, san, soán* e *vran*), coherente cos resultados da zona de orixe do poeta<sup>35</sup>. Tamén responde a esta adscripción dialectal, neste caso coincidente co estándar galego, a formación do plural nas palabras acabadas en *-n*, ao contrario do que ocorre cando a consoante final é *-l*, que presenta entón o alomorfo *-es*<sup>36</sup>.

Os únicos casos anómalos en relación á norma pondaliana na formación do plural aparecen provocados, como é habitual no Bardo, por necesidades poéticas (*ras* por *rans*<sup>37</sup>, QP 32.2, e *soes* por *sons*, "Esa Crónica Troiana", v. 12, débense á rima; *vils* por *viles*, "Pois que tanto os bos ceos vos depararan", v. 17, á medida).

Un dos trazos lingüísticos que individualizan a Pondal fronte á maioría dos escritores decimonónicos, especialmente se o comparamos con Rosalía ou Curros<sup>38</sup>, é a utilización do posesivo sen artigo en casos en que o seu uso é preceptivo.

A ausencia do artigo dáse nun 30% dos casos, a inmensa maioría das veces por esixencias da medida versal, aínda que nalgunhas

---

<sup>35</sup> Vid. Francisco Fernández Rei, *op. cit.*, pp. 59-64 e 116.

<sup>36</sup> Interferencia do español ou hipotética evolución galega, esta forma de plural é xeral no territorio occidental e central. Vid. *ibid.*, p. 265. Por outra parte, a forma *faralae* ("Basta mulleres, eu ben vos conozo", v. 15) só pode ser explicada como un claro castelanismo.

<sup>37</sup> Para rimar con *quezás*.

<sup>38</sup> Vid. Ramón Lorenzo, *op. cit.*, pp. 36-37; tamén, Carlos Casares, *op. cit.*, p. 50.

ocasións non aparece por manter o paralelismo con construcións anteriores. Agora ben, a quinta parte destes casos de ausencia do artigo non se xustifica pola métrica senón, cremos, por imitación do portugués, fundamentalmente a través de Camões.

Por outra parte, o artigo cando é usado co indefinido *todos*, aparece sistematicamente ligado a el, aínda que unicamente en vinte ocasións se asimila o artigo á forma verbal precedente, acabada en *-r* ou *-s*. Pola contra, aparece algún outro caso infrecuente: *entónce-lo bardo* (QP 39.17), *quezai-lo ferro* ("Din que vas un pouco branco", v. 15) e *fêita-las crías* (QP 59.13).

A vacilación mostrada por Eduardo Pondal con respecto á aparición da forma *-lo* do artigo non é máis do que unha mostra máis da inestabilidade propia na formación do estándar galego.

As conxuncións utilizadas por Pondal diante do segundo elemento da comparación son *que* -ignorando a forma *ca-* para as construcións comparativas de superioridade e inferioridade e para as de igualdade *como* ou *coma*, que aparecen normalmente condicionadas por criterios puramente fonéticos.

A forma *como* emprégase sen excepción cando na segunda parte da comparación aparece un verbo ou diante do adverbio *sempre* (QP 16.26)<sup>39</sup>. A forma *coma* é de uso exclusivo cando o segundo elemento da comparación está constituído por un pronome persoal tónico oblicuo (QP 4.5; 4.25; 37.21) e diante do indefinido *todo*.

Noutras ocasións o poeta utiliza indiferentemente *como* e *coma*: diante do relativo *quen* (QP 84.10 / 86.3) e de preposición (*como* + *a*, *en* / *coma* + *de*).

No resto dos casos a utilización dunha ou outra forma está condicionada foneticamente, de xeito que se utiliza *coma* diante das vocais máis fechadas e *como* diante das vocais máis abertas: rexístrase *como* diante de nome (sustantivo ou adxectivo) que comeza polas vocais *e* ou *a* (se comeza por consoante predomina *como*), diante da forma feminina do artigo e do indefinido *unha*. Pola contra, a forma *coma* aparece diante de nome comezado por *i*, diante da forma masculina do artigo e do indefinido *un*<sup>40</sup>.

---

<sup>39</sup> En realidade, este é o único caso en que a conxunción comparativa aparece con *sempre*.

<sup>40</sup> Lémbrese que en parte dos contextos de aparición da conxunción comparativa, esta aparece en contracción co elemento seguinte; mais o estudo apurado daqueles casos en que tal contracción non se efectuou, ademais dos cambios realizados polo poeta desde as primeiras redaccións ata *Queixumes*, confirma isto que agora apuntamos.

Con relación á conxugación, na lingua pondaliana débense sinalar varias cuestións de índole morfolóxica:

1. É frecuente a utilización de formas da 5ª p. con perda do *-d-* secundario na desinencia, características da área bergantiña<sup>41</sup>. A súa aparición débese única e exclusivamente ao condicionamento da medida silábica do verso (o mesmo que as solucións de *-TATE*, *-TUTE*, vid. *supra*) que provoca a perda de *-d-* e a posterior crase vocálica.

De todos modos, a preferencia do poeta polas formas hoxe estandarizadas é clara: o seu número é case o dobre das formas dialectais, que concorren coas comúns unicamente cando a métrica o esixe claramente, formando, ás veces, curiosas secuencias: *tomá, probádemo un pouco*, QP 28.9; *forxá, forxade grillos*, QP 76.32; *cavade unha gran fosa, cavá forte*, "Cando sin apouvido e sin conforto", v. 12, etc.

2. Nas desinencias de pretérito pódense observar varios fenómenos debidos na súa maioría á adscripción dialectal do autor.

A desinencia máis común para a 2ª persoa é *-aches*, *-eches*, *-iches*, distribución típica do bloque occidental<sup>42</sup>, con ausencia de *-s* analóxico cando a medida do verso esixe unha sinalefa: *consolache*, QP 64.7; *faltache*, QP 36.101; *quedache*, "Pra Xaniño", v. 20; *foche*, "Pra Fuco de Tabeaio", vv. 16 e 17; *tomache*, QP 41.104.

Esta desinencia tamén presenta a forma máis etimolóxica *-stes*<sup>43</sup> en textos serodios (*afrontastes*, *alcanzastes* e *tornastes*, "A Valeriano Weyler", vv. 11, 13 e 9, respectivamente; *caestes*, "A Curros Enríquez", v. 23), xa que en *Queixumes* fora eliminada a solución máis etimolóxica en favor da común (*caestes*, en 1883, convértese en *caeches* en 1886, QP 74.19).

Para a 3ª persoa, a desinencia universal é *-ío*, coherentemente cos usos lingüísticos da zona de orixe do poeta<sup>44</sup>, con neutralización da vocal final, xustificada polo autor no seu glosario: "Los de la comarca de Bergantiños hacen casi siempre la tercera persona del singular de ciertos verbos los pretéritos en *-ío*"<sup>45</sup>.

---

<sup>41</sup> Vid. Francisco Fernández Rei, *op. cit.*, pp. 90 e 120.

<sup>42</sup> Vid. *ibid.*, pp. 87 e 116.

<sup>43</sup> Propia de parte da área fisterrá. Vid. *ibid.*, pp. 87 e 117.

<sup>44</sup> Vid. *ibid.*, pp. 88 e 118.

<sup>45</sup> Cfr. Manuel Ferreiro Fernández, *Obra lírica de Eduardo Pondal...*, *op. cit.*, pp. 1.425-1.449, s.v. *Perdío*, *Fuxío*, *Morrío*. Vid., tamén, a recente edición dos tres vocabularios realizada por X. Mª Gomez Clemente e X. B. Arias Freixedo ("O 'Vocabulario gallego-castellano' de Eduardo Pondal", *Cadernos da Lingua*, 2, 1990, 2ª semestre, Real Academia Galega, A Coruña, pp. 11-46).

Esta desinencia, que conta como dúas sílabas, coa excepción de "*Pra Xaniño*", v. 5, foi xeral desde o comezo da produción literaria de Pondal, de xeito que a única forma en *-iu* rexistrada (*ouviu*, QP 79.18, en 1858) foi inmediatamente corrixida en favor da desinencia bisilábica sobre a forma alternativa *oír* (*oío* a partir de 1861).

Para a 2ª persoa de plural, como é habitual en parte da zona fisterrá<sup>46</sup>, aparece a forma analóxica co singular (*oiches*, QP 25.10; *viches*, QP 28.38), convivindo coas desinencias máis comúns *-chedes* (*víchedes*, "*Recordo a Benito Vicetto*", v. 3) e *-stes* (*despreciastes*, "*Necias fillas da Grecia*", v. 25).

A desinencia *-ano*, *-eno*, *-ino* para a terceira persoa do plural nos pretéritos é practicamente universal na poesía pondaliana, coincidindo con outras particularidades dialectais recollidas na obra do poeta.

Dos 17 casos de desinencia común (*-aron*, *-eron*, *-iron*) rexistrados na lírica pondaliana impresa, sete deles concéntranse en "*A Valeriano Weyler*" (*acuciaron*, *atinxeron*, *deberon*, *esmoreceron*, *renderon*, *retomaron*, *inspiraron*), dous en "*Ouh mazarico, que cantas*" (*fallaron*, *fluxiron*) e tres en "*Do sublime cerebro de Cervantes*" (*admiraron*, *contempraron*, *miraron*). Outros tres débense a esixencias métricas para impediren sinalefas (*puxeron*, QP 25.8; *quedaron*, "*Recordo a Benito Vicetto*", v. 12; *foron*, "*Pois que tanto os bos ceos vos depararan*", v. 21).

Parece, por tanto, que despois de *Queixumes* deixa de ser un feito sistemático a elección da desinencia característica de parte da área fisterrá<sup>47</sup>: nos poemas impresos soltos posteriores a 1886, xunto coas formas estándar xa vistas seguen aparecendo as xerais en Pondal (*referino*, "*Cando me referino*", v. 1; *fono*, "*!Eles...!*", v. 12; "*Pois que tanto os bos ceos vos depararan*", v. 27).

3. Outras formas verbais diverxentes do estándar galego son eleccións conscientes do poeta, baseándose ás veces no modelo lingüístico dialectal fisterrán: *ques* por *queres*; *quer* por *quere*; *saba*, *sabades* por *saiba*, *saibades*; *traguer/traer*<sup>48</sup>.

Na flexión verbal achamos, ademais, vacilacións producidas pola carencia *-lóxica-* dunha norma lingüística fixa (*podo* / *poído*; *poidera* / *puderas*, *pudo*) e mais pola presión do español (*andivera* / *anduvera*; *tiveran* / *tuvera*, *tuvo*, *obtuvo*).

---

<sup>46</sup> Vid. Francisco Fernández Rei, *op. cit.*, p. 90.

<sup>47</sup> Vid. *ibid.*, pp. 90-91 e 117.

<sup>48</sup> Estas dúas formas están presentes en todo o territorio galego. Cfr. *ibid.*, p. 101-102.



As necesidades métricas, por outra parte, provocan a aparición de formas verbais actualmente minoritarias en galego (*vén, tén, pón*), ás veces inexistentes (*vis* por *víndes*, "Recordo a Benito Vicetto", v. 2), deformadas (a rima condiciona *teve*, QP 73.8, e *atinxeron*, "A Valerino Weyler", v. 4) ou o recurso a castellanismos (*dice* frente ao maioritario *di*). A presenza de fenómenos como a síncopa -ou castellanismo- (*querrán*, QP 52.20; *podrán*, "A Valeriano Weyler", v. 4), o apócope (*parez*, "Esa Crónica Troiana", v. 9; *xaz*, QP 58.15), a crase (*són*, QP 4.7; 20.24; 45.64) ou a graffia en formas como *cae*, *sae* -dúas sílabas métricas- frente a *cai*, *sai*, unha sílaba, son tamén atribuíbeis ás necesidades da contaxe métrica<sup>49</sup>.

Na poesía de Eduardo Pondal, como en todos os autores decimonónicos, existen castellanismos léxicos, aínda que a súa frecuencia e calidade -está lonxe de igualar á de Rosalía<sup>50</sup>.

Hai castellanismos que soamente aparecen por esixencia da rima (*mismo*, *pampero*, *xemir/xemer*, *xurel*) ou da medida, para dispoñer dunha sílaba máis, aínda que vocábulos como *donde*, *solo*, *solamente* ou *valle*, utilizados maioritariamente nas versións anteriores a 1886, desaparecen en *Queixumes* cando a métrica o permite.

Outras veces o castellanismo preséntase en concorrencia coa forma lexítima directa ou da súa familia léxica: *agoreiro/agoirar*, *alumbra/alumear* ou *lumi*, *arboladura/ arbre*, *envidia/envexa*, *golondrina/anduriña*<sup>51</sup>, *ielmo/elmo*, *luna*, *lunar/luar*, *ola*, *oleaxe/onda*<sup>52</sup>, *persona/perso*, *salir/saír*, *saludar/saudar* e *saúde*, *sembrar/semente*, *señal*, *siñal*, *siñalar/sinal*, *sonrisa/sorrir*, *ventana/fenestrela*<sup>53</sup>.

Noutras ocasións o uso repetido de certas formas procedentes do español indica elección consciente do poeta ou descoñecemento da forma galega: *ala*, *ánxel*, *asesino*, *cautivo*, *ciénega*, *ciudade*, *conocer*, *cristiano*, *daño* (e *dañar*), *dicha* (e *dichoso*), *dios*, *dudoso*, *engañoso* (e *engañador*), *frente*, *heredar*, *huracán*, *pelea* (e *pelear*), *peligro*, *perla*, *polvo* (e *polvoroso*), *recio*, *reina*, *reló*, *rodilla*, *según*, *siglo*, *siniestro*,

---

<sup>49</sup> A métrica chega a provocar a aparición de *fera* por *fixera* ("Estramil", v. 38).

<sup>50</sup> Vid. Ramón Lorenzo, *op. cit.*, p. 28 e Victoria Alvarez Ruíz de Ojeda, *op. cit.*, pp. 136-149. Tamén, Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Ed. Galaxia, 1975 (2ª ed.), p. 229.

<sup>51</sup> Vid. n. 64.

<sup>52</sup> *Ola* aparece en QP 48.4, corríndo ao anterior *onda* da primeira versión deste poema en 1882. O feito de que *onda* apareza en "Oh ti, que anticamente", v. 3 (1885) parece indicar que antes de *Queixumes* Pondal prefería esta forma.

<sup>53</sup> Na primeira versión de "Vindo de Bergantiños" aparecía *ventanilla* (v. 7), corríndo uns días despois en favor de *fenestrela*.

*surco*. Neste grupo débese incluír un grupo de palabras en que Pondal conserva palatalizada a xeminada latina -ll-: *bello* (*belleza*, *bellamente*), *castellano*, *desfallecer*, *destello*, *doncella*, *fallecer*, *gallego*<sup>54</sup>, *sello*, *tallo*.

Outros castelanismos son utilizados unha única vez na lírica pondaliana: *aleve*, *almenado*, *añoranza*, *astillazo*, *beodo*, *capilla*, *cuio*, *compasión*, *espolear*, *galera*, *helado*, *húmedo*, *mies*, *muchacho*, *parapeto*, *roca*, etc.

Finalmente, existen varios híbridos entre galego e español no léxico (*axado*, *baxel*, *cenicienta*, *cerzo*, *cobixar*, *lexano*, *pelexo*, *promo*, *tembrar*, *tembroroso*) e nalgún aspecto morfolóxico (vacilación no xénero en *cor/color*, *dolor/dor*, etc.).

De todos os xeitos, os poemas previamente redactados en español (QP 8, 16, 19, 20, 52, 54; "*Estramil*"), son os que concentran en maior medida estas formas híbridas xuntamente con algúns dos castelanismos máis rechamantes. Por outra parte, como moitos dos autores galegos do século XIX, o Bardo non ten excesivos reparos en botar man de empréstimos do español cando a medida ou a rima así o esixen, aínda cando o poeta coñece a forma correcta, segundo o demostran os *Agüiro*, *Aleivoso*, *Rexo*, *Semear/Sementar*, etc. recollidos polo poeta nos seus vocabularios<sup>55</sup>.

O mesmo que aparecen castelanismos na obra de Pondal, tamén se poden achar algúns escasísimos exemplos de diferencialismos: *obedente*, *postrimeirías* e *concencia*<sup>56</sup>.

Con relación ao uso de vulgarismos, desde o punto de vista do estándar actual, existen algunhas formas na poesía pondaliana que poden ser considerados como tales.

A síncopa vocálica, condicionada pola medida do verso, provoca a aparición dalgúns vulgarismos (*desparecer*, *esprimentar*, *esprimentado*) xuntamente cun número importante de vacilacións léxicas en que se rexistra a forma sincopada -vulgar- fronte á forma plena maio-

---

<sup>54</sup> O españolismo *gallego* foi utilizado en todo o século XIX. Comezou a aparecer a forma autóctona a partir das Irmandades da Fala.

<sup>55</sup> Vid. n. 45.

<sup>56</sup> Pola contra, en Rosalía o diferencialismo xa apunta con máis forza, caendo con relativa frecuencia no hiperenxebriismo. Vid. Ramón Lorenzo, *op. cit.*, p. 31 e Victoria Ruíz de Ojeda, *op. cit.*, pp. 149-151. Débese ter en conta, por outra parte, que os casos de *obedente* e, sobre todo, *concencia* poden ser explicados como reflexo da tendencia popular á monotongación do grupo -ie-, se non son simplemente erros de imprenta.

ritaria -preceptiva-: *carzle/cárcere, cluna/coluna, difrente/diferente, difizle/ difícil, esprito/ espírito, zreixa, zreixal/cereixa*<sup>57</sup>.

De todos os xeitos, o grupo máis importante de formas vulgares aparece pola indecisión fonética da vocal pretónica, moi común en todo o século XIX e unha parte importante do XX, que, novamente, crea dobretes en que a forma maioritaria é a preceptiva<sup>58</sup>: *asobiante/asubiar, subiar; cenguir, cenguidor/cinguir; comprir/cumprir; cumprido/comprido; decir/dicir*<sup>59</sup>; *dispois/despois*<sup>60</sup>; *sintir/sentir; sofrir/sufrir, sufridor, sufrido*.

En evidente relación coa fixación vocálica está a labialización de /e/ en *asomellante* ou *somellante, asomellar* ou *somellar* e *somellanza* ou, mesmo, *soparado*, fenómeno conscientemente recollido por Pondal, dada a corrección das formas comúns en *Queixumes* desde as primeiras versións.

A presenza de fenómenos fonéticos vulgares non se esgota cos que xa foron vistos, posto que aínda se poden rexistrar outros que continúan a provocar a aparición de dobretes léxicos en que a forma vulgar é minoritaria: prótese (*asomellante/somellante, asoprar/soprar*), aférese (*topar/atopar, subiar/asubiar*); o apócope afecta fundamentalmente a formas verbais xa citadas (*parez e xaz*, vid. *supra*), mentres que a metátase se rexistra poucas veces: *anacre, cadavre, crubir, crobir* (pero tamén *cubrir*), *frebe, probe*<sup>61</sup>.

A pesar de todo, os condicionamentos literarios, especialmente a medida do verso, seguen pesando nas opcións léxicas de Eduardo Pondal. A medida provoca vacilacións como *cor/color, descender/descer, dolor/dor (dolorido, doloroso/ dorido), estantío/estanto, nai/madre, nós/nosoutros, poñer/ pór*<sup>62</sup>, *ruta/rota, tragner/traer*<sup>63</sup>, *xunco*,

---

<sup>57</sup> A forma *gandra*, con síncope, é absolutamente sistemática en Pondal.

<sup>58</sup> Formas temperás que presentaban vacilación vocálica foron corrixidas en favor doutras, actualmente comúns, polo propio poeta, como *sospirar* mudado en *suspirar* desde algunhas das primeiras versións de varios poemas.

<sup>59</sup> *Dicir* unicamente aparece dúas veces en época tardía (en 1908, "*Curros Enríquez*", v. 16 e "Denodados e fortes", v. 12).

<sup>60</sup> *Dispois* tamén se rexistra unicamente, e minoritario fronte a *despois*, a partir de 1886 (CA 129 e "Pois que tanto os bos ceos vos depararan", v. 11).

<sup>61</sup> A metátase de *r* é moito máis frecuente en Rosalía e Curros. Cfr. Ramón Lorenzo, *op. cit.*, pp. 35-36.

<sup>62</sup> A forma *pór* só se pode documentar dun xeito claro en QP 36.59 (*pondo*) por esixencia da medida, ademais de *dispondo* ("*Os pinos*", v. 36) (cfr. *poñendo*, QP 36.93).

*xuncal/xungo, xungal*. Tamén o ritmo provoca cambio de acento creando unha parella vocabular en *lóstrego/lostrego*, o mesmo que a rima condiciona a vacilación entre *calquer/calquera, fantasma (masc.)/pantasma (fem.), fusco/fosco, quezais/quezás*.

Nalgunhas ocasións as parellas léxicas proceden de correccións lingüísticas, que ficaron interrompidas ou só se produciron parcialmente, nos textos publicados antes de 1886 e despois recollidos en *Queixumes: entonces/estonces, espuma/escuma, peregrino/pelegrino, pinal/pinar*. Outras veces débense ao uso consciente de dúas formas galegas (*inda/aínda, desde/dende, esquecer/esquencer, oír/ouvir, tristeza/tristura*) ou de dous resultados fonéticos da mesma consoante latina (*abranguer, cinguir ou cenguir / atinxir*). Mesmo chega a producirse un intento de especialización semántica entre variantes (cfr. *supra, virxe/virxen*). Esta diversificación é completa entre *miñán* ('a primeira parte do día') e *mañán* ('o día seguinte'), pero falla nalgúns casos entre *vagabundo* (aplicado sempre ao bardo ou a realidades consideradas positivamente) e *vagamundo* (que se atribúe sobre todo a animais).

Despois desta descrición, esquemática por veces, dos usos idiomáticos do Bardo bergantiñán pódense, a modo de conclusión, establecer as seguintes características da lingua pondaliana:

1. *Fixeza e coherencia*. Se consideramos o proceso de formación da lingua común e literaria galega no contexto decimonónico, desde a ortografía e a fonética ata o léxico aparecen poucas vacilacións. Esta variabilidade, na súa maior parte, vén provocada por condicionamentos métrico-literarios que esixen formas reducidas ou, mesmo, deformadas noutros casos.

A procura dun modelo lingüístico unitario xa se evidencia nalgúns intentos de nivelación por medio de certas substitucións que se producen desde as primeiras edicións dos poemas ata *Queixumes dos pinos* en 1886: *virxe* por *virxen*, QP 12.20; *cal* por *qual*, QP 43.23; *oio* por *ouzo*, QP 79.8 e *oio* por *ouviu*, QP 79.18.

2. *Superación do modelo lingüístico dialectal da rexión de orixe*. En realidade, o poeta utiliza un modelo 'común', se exceptuamos algúns trazos dialectais dominantes (*-ui/-oi-, -ano, -eno, -ino* para a 3ª p. de plural dos pretéritos e certas formas verbais como *saba* por *saiba*,

---

<sup>63</sup> Débese ter en conta que *traguer* conta sempre como dúas sílabas e *traer* como unha; o mesmo que *trague* frente a *trae*. Igual que noutros casos, a alternancia *-ae/-ai-* aparece tamén en función da medida (cfr. *supra*).

*oíches* por *oístes* ou *ques* por *queres*) e outros aos que recorre cando a métrica o esixe (*cantás* por *cantades*).

3. *Evidente intención de conseguir unha alta calidade lingüística.* Tendo en conta que a maioría dos castelanismos e dos vulgarismos presentes na poesía pondaliana aparecen por causa da métrica, esta clara intencionalidade pódese observar nas substitucións de castelanismos por formas galegas no proceso de incorporación aos *Queixumes* dos poemas galegos publicados anteriormente: *no carzle* por *na cárcel*, QP 51.97; *onde* por *donde*, QP 12.22, 12.33, etc.; *val* por *valle*, QP 14.1, 14.3, etc.; *tan só* por *solo*, QP 14.10, 14.79, etc.; *somente* por *tan solo*, QP 14.45; *comigo* por *connigo*, QP 14.26; *anduriñas* por *golondrinas*, QP 23.1<sup>64</sup>; *noxoso* por *enoxoso*, QP 25.78; *estes* por *estos*, QP 26.37, 26.41; *vinde abrigarvos* por *vinde a abrigarvos*, QP 28.3; *soedá* por *soledá*, QP 30.104; *pano* por *pañuelo*, QP 29.20; etc. etc.

A revisión vai máis lonxe, porque tamén se substitúen moitos vocábulos por outros máis 'enxebres'; *leda* por *alegre*, QP 51.3; *escuma* por *espuma*, QP 51.62; *esquecerán* por *olvidarán*, QP 26.14; *ergue* por *alza*, QP 29.7; *regueiro* por *torrente*, QP 30.119; *febrentos* por *febriles*, QP 58.2; *vagamundo* por *vagabundo*, QP 59.5; *pelegrino* por *peregrino*, QP 81.26; *se erguen* por *brotan*, QP 76.13; etc., etc. Agora ben, sen caer no diferencialismo hiperenxebrista (vid. *supra* os tres únicos casos rexistrados) nin na influencia portuguesa que xa se deixa sentir en Rosalía e Curros<sup>65</sup>, agás, tal vez, nos casos de supresión do artigo co posesivo, no uso constante de *aguardar* (pero *gardar*) e no tardío de *mas* fronte a *mais*<sup>66</sup>, así como na preferencia pola forma *fermoso*<sup>67</sup>.

4. *Intento de construción dunha lingua literaria e, sobre todo, da dignificación culta do idioma.* Evidénciase na utilización constante e frecuente de numerosísimos cultismos, algúns certamente sorprendentes, que se rexistran ao longo de toda a obra<sup>68</sup>.

---

<sup>64</sup> En QP 79 a corrección foi á inversa: só aparece *anduriña* na versión de 1858. A partir deste momento é substituída por *golondrina*, que pasa tamén a *A campana de Anllóns* (1895).

<sup>65</sup> Vid. Ramón Lorenzo, *op. cit.*, pp. 33-34. Para o caso de Rosalía, vid. Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, *op. cit.*, p. 152.

<sup>66</sup> *Mas* rexístrase só unha vez en QP (QP 34.51). Despois de 1890 será dominante *mas* (21 veces) fronte a *mais* (4 veces).

<sup>67</sup> O *fermosura* da versión publicada en 1880 de QP 43 (v. 25) foi mudado en *fermosura* en 1886.

<sup>68</sup> De todos os xeitos, é en *Os Eoas* onde aparecen aínda con maior frecuencia e espectacularidade os cultismos.

Palabras como *altxero*, *aspérrimo*, *beltxero*, *ignaro*, *inclito*, *muliebre*, *prono*, *véspero*, etc., etc. son de utilización practicamente exclusiva do poeta pontecesano. Mesmo chega a crear vocábulos de aparencia culta como *férrido*, *mólido* ou *pátrido*.

En palabras de Lugrís Freire, apaixonado admirador e fiel amigo do poeta, Eduardo Pondal Abente

"era un filólogo de fuste, conocedor dos idiomas clásicos, e o galego que empregaba adoitaba formas cultas e elegantes, dentro do xeito mais nobre e propio do idioma. Tan seguro estaba él n-esto que ao morrer, as suas derradeiras palabras foron: 'Décheme unha lingua de ferro, e deixoche unha lingua d'ouro'"<sup>69</sup>.

---

<sup>69</sup> Cfr. M. Lugrís Freire, "Eduardo Pondal. Discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos, de Santiago, o 20 de Novembro de 1923", in Academia Gallega, *Queixumes dos pinos (2ª edición)* y *Poesías inéditas de Eduardo Pondal*, La Coruña, Imp. Zincke Hermanos, 1935, p. 275.